

### **A DEMA DO HÍO**

A dema do Hío, era unha imaxe que estaba nun retablo do século XVI, representaba ao inferno; era unha muller en coiro, con cornos e con sete peitos. En cada peito, mamando un pequeno demo.

Rendíasele culto á dema para a fertilidade, incluso dende Portugal.

Suponse que foi destruída polo actual cura párroco (1976).

### **LENDA DO CASTROLIN (VILANOVA)**

Disque viviron neste monte do Castrolín os mouros. Un día foron por alí uns homes e miraron unha galiña con pitos que piaban moito. Un dos homes dixo:

- ¡Pobriños, pobriños! ¡Que fame teñen!.

E ao dicilo, os pitiños convertéronse en ouro.

### **LENDA DA CURUXANA (DONÓN)**

Segundo din os veciños, nalgún tempo, nas areas de Barra, atopábase a vila de Troia, que foi anegada por castigo.

Conta a lenda que vivía na vila de Troia, unha muller que era a principal e moi fermosa. E un día nunha festa importante estaba bailando, e a cada baile tiraba unha peza de roupa ou saia, ata que no sétimo baile quedou totalmente en coiro, e naquel mesmo intre, anegouse a vila, e desapareceu por castigo.

Segundo os mariñeiros, ás veces, as redes préndense no campanario da igrexa de Troia, no actual fondeadoiro do extremo de Barra, fronte ao río de Donón. Esta lenda é común nas marismas de Canido (Vigo) e en Cangas.

Segundo outros, o antigo poboado de Donón estaría no Areal, no lugar hoxe sen casas e cuberto pola area, coñecido como "A Vila"; despois, a causa dunha inundación, pasou ao monte Facho, e ultimamente foi o actual emprazamento, na metade dos dous anteriores por comodidade da auga.

### **A CANLE DAS ALMAS**

Na antiga denominación do camiño do Hío a Pinténs, pasando por Lobeira e a Chamiceira, empeza o camiño onde arranca a "Canle das ALMAS", na ladeira do Outeiro da Vela, dende finita na costa das Miñas a uns trescentos metros do mar enriba da Senllosa, que nos din que se chama así porque é moi soleado.

Chámaselle canle das almas, porque se miraban as almas da Sta. Compañía. Dende Vilariño mirábanse subir as almas polo camiño empedrado de Donón a Hío -"¡aí vai a gracia de Deus do Hío a Donón"-, dicían os vellos.

Tamén os mariñeiros miraban dende o mar unha procesión de luces que ía polos montes do Hío, e que desaparecen dende que na parroquia do Hío celebrouse un acto xeral de ánimas. E dicir, unha misa por tódolos defuntos, pois antes facíase unha misa nominal por cada un, quedando moito defunto sen a súa misa. Ademais fixeron tamén unha misa na encrucillada dos Catro Castros-Camiños, que está entre as canles e a Senllosa.

Pola Canle das Almas, oíanse pasos polas noites, e non se miraba ninguén.